



Os/as clientes/as de R aproveitan toda a funcionalidade dos seus descodificadores 4K e apostan polo consumo en vivo e en diferido da TVG, que aumentou a súa cota de pantalla un 30% no período de crise sanitaria

- **Os/as clientes/as do operador galego preferiron os contidos de proximidade para informarse das novidades da COVID-19, co conseguinte aumento da audiencia das canles autonómicas**
- **O operador galego rexistrou un aumento na cota de pantalla da Televisión de Galicia dun 30% con respecto a principios de ano**
- **Un 10% do consumo xa se realiza baixo demanda ou en diferido, aproveitando unha das funcionalidades do deco 4K de R.**

Xoves, 9 de xullo de 2020.- Os contidos televisivos locais ou rexionais e a información máis próxima foron as opcións elixidas maioritariamente polos clientes de **R** durante o período da crise sanitaria; sobre todo para seguir a actualidade relativa á evolución da pandemia nas semanas de confinamento.

Así, a Televisión de Galicia alcanzou nos últimos meses un incremento da cota de pantalla do 30% con respecto á rexistrada ao principio do ano pola canle autonómica entre os/os clientes/as de **R**. De feito, a TVG foi, no global, unha das cinco canles máis vistas durante a crise sanitaria e o período de confinamento polos/as telespectadores/as clientes/as do operador galego.

Este consumo de contidos da cadea galega foi maioritariamente de **programación en directo**, tanto na canle principal da Televisión de Galicia como na TVG2 (máis centrada en espazos infantís e xuvenís, culturais, documentais, redifusiones da primeira canle e

contidos deportivos os fins de semana). Pero tamén se notou na programación en diferido ou baixo demanda, aproveitando a audiencia clienta de **R** todas as funcionalidades dos descodificadores 4k do operador galego.

Por outra banda, durante eses meses, o consumo medio acumulado dos/as espectadores/as da TVG clientes/as de **R** supera as 12 horas, o que supón un consumo medio por persoa superior aos **40 minutos diarios**.

cifras marca de consumo de televisión durante a crise sanitaria

A desescalada da crise sanitaria e a volta á “normalidade” foron rebaixando os índices de audiencias televisivas a todos os niveis, pois as persoas empezaron a pasar xa menos tempo na casa e recuperaron outras opcións de entretemento tamén fóra do fogar.

Con todo, durante os meses anteriores ao verán, a necesidade de permanecer confinados traducíuse en porcentaxes de consumo televisivo insospeitados ao principio do ano. Tanto é así que **R** chegou a constatar un visionado medio diario de televisión dun **45%** máis do habitual, e os consumos de contidos infantís chegaron a crecer un **48%**. Por idades, o visionado de TV infantil que máis aumentou foi o destinado a menores de catro anos, xa que se multiplicaron por 9 os seus rexistros habituais. En canto ao consumo de televisión para maiores de catro anos, chegou a crecer un 29% e un 54% os contidos para preadolescentes.

servizo de televisión de R: innovación e calidade

R ofrece o seu servizo de televisión coa calidade da fibra óptica en dúas posibles modalidades: **TV Ocio e TV Total**, con máis de 60 e 90 canles respectivamente. Os contidos abranguen as áreas das series, documentais, deportes, cinema, música, mocidade, etc. Ademais, o **deco 4K** con Android TV incorpora funcionalidades e servizos para que todos os usuarios poidan gozar dos novos usos que lles ofrece o mundo da televisión. Servizos como **replay** (co que o usuario toma o control da tele e co que se pode ver un programa dende o inicio, aínda que xa empezase), **rebobina** (miles contidos á carta para toda a familia), **te lo perdiste** (**R** garda os programas durante sete días para poder recuperalos e velos), ou as opcións de procura e de gravación. Ademais proporciona acceso a un mundo de aplicacións como **Netflix, Amazon Prime Vídeo...** Todo isto contribúe a crear unha nova experiencia de uso, fácil e intuitiva, que permite gozar de calquera contido cando o espectador o prefira. Ademais, a tele de **R** conta coa posibilidade de utilizar ata 5 dispositivos móbiles para acceder aos contidos a través do seu servizo multidispositivo **tv conmigo**.

Os/as clientes/as de **R** manteñen a súa aposta permanente polo servizo de televisión dixital multicanle do operador galego, que dende hai anos é líder do mercado en Galicia.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal